



Campaña de recollida de sinaturas polas melloras salariais, laborais e sociais nos centros de Educación Infantil etapa 0-3: *Por un Convenio Galego*

O sindicato CIG-Ensino, maioritario nun sector que aglutina a máis de catro milleiros de traballadoras e traballadores en máis de douscentos centros no país, toma esta iniciativa en asemblea de delegadas de persoal, ante o fracaso e inutilidade da negociación no ámbito estatal e a deixadez das administracións galegas xunto coas entidades empresariais que os xestionan.

Nos últimos anos, o persoal dos centros de traballo, privados e de xestión indirecta, que atenden a asistencia e educación de crianzas entre cero a tres anos, está a sufrir unha involución drástica das súas condicións salariais, laborais e sociais, derivada da falta de avances en dereitos salariais, laborais e sociais na negociación colectiva nos últimos convenios de Ámbito Estatal de Centros de asistencia e educación infantil 0-3, dos recortes nas reformas laborais, dos acordos regresivos e de contención salarial do “Pacto Social” e da perda de dereitos continuada en salarios; así como do precario dos contratos-convenios coas distintas administracións locais e autonómicas, como o da Consellería de Política Social ao decretar a gratuidade desta etapa educativa.

Esta precariedade e involucións afectan negativamente ás condicións salariais e laborais do seu persoal, altamente feminizado e precarizado, con salarios na súa maioría por debaixo do SMI; e á prestación dun servizo de calidade aos seus usuarios e usuarias, con rateos abusivas doutras épocas e con plantillas moi xustas nas que non se cobren moitas das veces baixas laborais, por vacacións,...

Algunhas consecuencias de todo isto son:

- Conxelacións das nóminas do persoal e acumulación de perdas de poder adquisitivo de dous díxitos. Os traballadores/as levan co salario conxelado dende 2021 e anteriormente con incrementos salariais anuais por debaixo do IPC, empobrecéndose, máis cando se padecen inflacións desfasadas coma as destes últimos anos. A perda de poder adquisitivo dende 2021 é dun 12,20% e na última década supera o 20%.

- Modificacións substanciais máis precarias nas condicións de traballo, cada vez con máis carga laboral e responsabilidades, dificultando as conciliacións laborais e familiares do persoal traballador.

- Incumprimento de rateos para prestar o servizo con garantías de calidade. Débese modificar o Real Decreto

Descarga aquí
o documento para a recollida
de sinaturas polas melloras laborais e
por un Convenio Galego



329 / 2005 o cal non se axusta ás necesidades actuais dos servizos.

- Instalacións en mal estado por falta de mantemento, espazos adecuados, así como falta de medios de transporte axeitados.
- Escasos recursos materiais e humanos, que limitan actividades do día a día e complementarias.
- Carencia de servizos complementarios, algúns tan básicos como a alimentación.

Desde a CIG-Ensino, como sindicato maioritario na Galiza neste sector de atención á infancia, en asemblea de delegados/as, decidiuse levar a cabo esta campaña reivindicativa de sinaturas coa finalidade de avanzar cara uns servizos públicos galegos de calidade na atención á E-I. etapa 0-3, cunhas condicións salariais e laborais dignas para todo o persoal traballador, recollidas nun I Convenio Galego. Coa mesma fan un chamamento a unidade de acción aos demais sindicatos “galegos” con representación no sector para poder facer realidade, máis cedo que tarde, unha vella demanda da nosa central sindical e, cóstanos, da inmensa maioría do persoal das escolas infantís de 0-3 anos.

Estas son as demandas recollidas na táboa reivindicativa:

- Exiximos da Xunta de Galiza, que decretou a gratuidade desta etapa educativa, así como ás administracións locais dos concellos, **que asuman a xestión pública total destes centros co mantemento do emprego do seu persoal, e mentres isto non se leve a cabo, demandamos o**

incremento das partidas orzamentarias para o sector e que os centros reciban as cantidades necesarias para prestar o servizo cun mínimo de calidade, mellorar a situación dos usuarios e usuarias e as condicións de traballo do persoal: dereitos salariais, laborais e sociais. Así mesmo, que a Administración galega poña en marcha os mecanismos necesarios para facer seguimento e control das subvencións recibidas por este tipo de centros.

• **Denunciamos as condicións precarias que sofren os traballadores e traballadoras dos centros galegos afectados polo XII Convenio colectivo estatal de infantil 0-3**, que leva bloqueado dende 2021 coas táboas conxeladas e uns salarios por debaixo do SMI. Esta precariedade laboral conduce a un deterioro da calidade dun servizo que debería procurar a mellora dos seus recursos materiais e humanos, en vez de centrarse en criterios economicistas e mercantilistas. **Exiximos modificar e actualizar o decreto 329/2005, para axustar as rateos ás necesidades reais dos servizos (con especial atención ás NEAE) e ás recomendacións da Rede de Atención á infancia da Comisión Europea.**

• **Rexeitamos o actual convenio estatal, xa que as súas condicións impiden que os traballadores e traballadoras poidan realizar o seu labor dun xeito digno.**

Consideramos que non se están a ter en conta as características específicas destes centros na Galiza nin, consecuentemente, as condicións laborais propias dos traballadores/as galegas que ven así limitada a súa capacidade de influír no proceso negociador estatal, que a día de hoxe é inexistente.

• Dado que as competencias sobre as subvencións coas que se financian estes centros están transferidas á Xunta de Galiza, **demandamos da Consellería de Política Social a súa implicación e colaboración para o inicio dunhas negociacións nas que participen as patronais do sector e as organizacións sindicais**, en función da súa

Convenio galego XA!

Centros de Educación Infantil, etapa 0-3



representatividade, **que nos permitan acadar un convenio galego digno para o sector**, que mellore substancialmente as condicións laborais, sociais e salariais recollidas no convenio estatal e por conseguinte o financiamento destes centros. No camiño desta finalidade, crear xa, uns Complementos Salariais Autonómicos que dignifiquen os salarios actuais que están no SMI, na maioría do persoal traballador.

• Estamos **dispostos e dispostas a iniciar un proceso de mobilizacións** para exixirmos o cumprimento destas demandas, xustas e xustificadas, máis cando dende as administracións se nos declara “servizos esenciais”.

Participa e organízate sindicalmente coa CIG-Ensino na defensa dos teus dereitos salariais, laborais e sociais, para forzar a negociación dun convenio galego digno para o sector, como única saída real na actualidade logo do fracaso e inutilidade da negociación no ámbito estatal, e no camiño dun servizo público galego de calidade na atención e educación á infancia na etapa 0-3 na Galiza.

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal